

ESQUEMA

A POESÍA DE VANGARDAS		
Os anos 20 e a primeira metade dos 30 supuxeron a incorporación das vangardas europeas (creacionismo, imaxinismo, cubismo, surrealismo, futurismo e ultraísmo) á poesía galega grazas a autores moi novos como Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, e outros como Álvaro Cunqueiro, Euxenio Montes, Roberto Blanco Torres ou Manuel Luís Acuña.		
«Folletíns» de proclama dunha nova literatura	<i>Manifesto Máis Alá. Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribeu. Fatiguémonos.</i>	Estes manifestos proclaman ante a xuventude os seguintes aspectos: • Romper coa literatura paisaxística e cívica anterior. • Provocar por ir contra o «vello» e querer presentar unha poesía nova. • Afastarse da realidade ollando esta dunha maneira diferente. • Renovar a linguaxe e os recursos estilísticos.
Revistas de difusión poética	As revistas foron o órgano principal a través do cal se deu a coñecer a nova poesía por toda Galicia: nos anos 20, <i>Ronsel</i> en Lugo e <i>Alfar</i> na Coruña; nos anos 30, <i>Cristal</i> en Pontevedra; <i>Galiza</i> e <i>Papel de color</i> en Mondoñedo; <i>Yunque</i> en Lugo e <i>Resol. Hojilla volandera del pueblo</i> , en Santiago.	
As vangardas en Galicia	A vangarda plena , a máis innovadora.	Representada polo creacionismo de Manuel Antonio na obra <i>De catro a catro</i> . • Metáforas innovadoras froito de asociacións insólitas. • Simboloxía marítima relacionada co existencialismo (o mar é a existencia e o barco, o home). • Antirromanticismo. • Desmitificación de elementos tópicos da literatura (a auga-H₂O ou a lúa). • Renovación da linguaxe (neoloxismos, linguaxe técnica marítima, anglicismos) e da métrica (verso libre, ausencia de estrofa e alteracións na sintaxe). • O humor froito da dimensión lúdica do poema. Outras obras de Manuel Antonio, menos innovadoras, son <i>Con anacos do meu interior</i> , <i>Foulas</i> , <i>Sempre</i> e <i>máis dispois</i> , <i>Viladomar</i> .
	Vangarda moderada, a menos innovadora e a que máis perdurou, xa que abrangue parte da poesía de posguerra.	O hiloísmo representado por Roberto Blanco Torres (<i>Orballo de media noite</i>), Euxenio Montes (<i>Versos a tres cás o neto</i>), Amado Carballo (<i>Proel</i> e <i>O galo</i>) e Manuel Luís Acuña (<i>Fírgoas</i>). Este movemento poético baséase: • Na animación da natureza e no subxectivo cromatismo que crea orixinais sinestesias. • Na métrica, máis tradicional ca no creacionismo: verso octosilábico e rima asonante.
		O neotrobadorismo , representado por Fermín Bouza Brey (<i>Nao senlleira</i>), Xoán Vicente Viqueira ou Álvaro Cunqueiro (<i>Cantiga nova que se chama riveira</i>). • Recupera a estilística da cantiga de amigo: refrán, paralelismo, leixaprén e léxico medieval; así como a voz lírica feminina. • Imaxes innovadoras, propiamente vangardistas.
	Á parte destes movementos de renovación, podemos falar de influencias doutros ismos como o surrealismo (en <i>Poemas do si e non</i> de Cunqueiro), cubismo (uso do caligrama en Manuel Antonio) e futurismo e ultraísmo en Roberto Blanco Torres.	